

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

Nº 20

Artigo 1. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.**

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa, tanto con carácter ocasional como con carácter permanente.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7. Dereito a percibir

Tense dereito a percibi-la taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, nace a obriga de contribuír o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación efectuada a través da aprobación do padrón semestral.
- Se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón. O prazo para o ingreso será de quince días naturais a contar dende o seguinte á exposición pública do padrón, salvo que no mesmo se estableza outro distinto por causa xustificada.

Artigo 10. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán declaración de baixa no censo ou padrón da taxa, que surtirá efectos no semestre seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses, con dereito, no seu caso, á correspondente devolución. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 23.11.1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Publicación B.O.P. : 3-02-1999

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003
2ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
3ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
4ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
5ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
6ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
7ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008

ANEXO

Primeiro. Tarifa

I. Para a aplicación desta taxa terase en conta a clasificación de rúas que se transcribe a continuación:

RÚAS DO GRUPO A:

Avda. de Benito Vigo
Praza de Galicia
Rúa de Calvo Sotelo
Rúa Ulla
Avda. de Pontevedra (ata a Avda. de Marín)
Praza da Constitución
Rúa nº. 5 ou rúa Castelao
Praza de Martínez Anido
Rúa Capitán Bernal
Rúa Peregrina
Avda. de América
Rúa de Waldo A. Insúa
Rúa de Padron
Praza da Igrexa
Rúa de Serafín Pazo (dende a Pza. de Galicia ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Pérez Viondi (dende a Pza. da Galicia ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Iryda (dende a rúa Justo Martínez ata a Avda. de Ponteareas)
Avda. de Ponteareas (dende a Porta do Sol ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Severino Trigo
Rúa Don Nicolás
Travesía de Vega de Armijo
Rúa Justo Martínez

RÚAS DO GRUPO B:

Avda. de Pontevedra (dende a Avda. de Marín ata o final)
Rúa Fernando Conde (dende a Porta do Sol ata o cruce coa estrada de Vinseiro)
Avda. de Santiago
Rúa nº. 18 de Ordenación Urbana ou Rúa de Cerdedo
Rúa nº. 19 de Ordenación Urbana ou Travesía Avda. de América
Rúa nº. 20 de Ordenación Urbana ou rúa de Forcarei
Rúa nº. 5 de Ordenación Urbana ou Antón Losada Diéguez
Avda. de Vigo
Avda. de Venezuela
Travesía Irmáns Valladares
Rúa San Paio (dende a Pza. de Galicia ata o límite do casco de poboación)
Rúa Gradín
Travesía de Veá
Rúa Serafín Pazo (dende a Avda. Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)



Rúa Pérez Viondi (dende a Avda. Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa Iryda (dende a Avda. de Ponteareas ata o cruce que sae da casa de Hrdos. de D. Jesús Portela), ou rúa nº. 49
Rúa da Baiuca
Rúa do Muíño (dende a rúa Leicures ata o límite do casco urbán)
Rúa nº. 18 ou Travesía ou Prolongación Waldo A. Insúa
Rúa Marín
Rúa de Rosalía de Castro
Travesía do Cruceiro
Rúa nº. 24 ou nº. 58 das vixente N.O.S.P.
Prolongación da Avda. de Ponteareas ou Avda. da Torre (dende a Avda. de Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa do Matadoiro
Rúa Leicures
Rúa nº. 62
Rúa X ou nº. 13 das N.O.S.P.
Rúa Y ou nº. 11 das N.O.S.P.
Rúa nº. 14
Rúa nº. 29
Travesía da Igrexa
Praza da Feira

RÚAS DO GRUPO C:

Rúa de Iryda (dende a casa de Hrdos. de Jesús Portela ata o final)
Rúa do Cruceiro
Rúa da Cañoteira
Rúa Decoita
Rúa Penerada

Outros lugares do extrarradio e demais vías públicas do casco urbán non sinaladas anteriormente, enclavadas en solo urbano ou apto para urbanizar.

GRUPOS N e R:

Comprende as vías públicas enclavadas na zona rural do municipio.

II. A estrutura e contía desta taxa é a seguinte:

TARIFA 1.- Relativa a Feiras e Festas

Definición: Licencia para a ocupación privativa ou especial do dominio público cos seguintes elementos e equivalencias dos seus metros cadrados:

1. Casetas de entidades públicas, sociedades, casinos, peñas, tertulias, etc. Os m². realmente ocupados.
2. Barracas ou similares para vendas rápidas, rifas, tómbolas e similares. Os m². realmente ocupados.



3. Ocupacións con randeiras, aparellos voadores, pequenos carruaxes, cabaliños, coches de choque e en xeral calquera clase de aparellos en movemento. Os m². realmente ocupados máis un cinco por cento de zona de afección se os carruseis dispoñen de asentos, barcas, coches voadores, etc. que sobresaen da ocupación real do armazón cando se poñen en funcionamento.
4. Ocupacións con destino a espectáculos e teatros: os m². realmente ocupados.
5. Ocupacións para a instalación de barracas de tiro, de carreiras, de xogos da sorte, de máquinas de azar, etc.: os m². realmente ocupados.
6. Ocupacións para xeladerías, restaurantes, bares, adegas e similares: os m². realmente ocupados.
7. Ocupacións con camiós ou vehículos para a venda de bocadillos, xelados, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, xamóns, embutidos, queixos, cerámicas, xoguetes, etc., a razón de 9 m². para vehículos lixeiros, 12 m². para vehículos medios e 24 m². para vehículos grandes.
8. Ocupacións para a instalación de chocolaterías e masas fritidas, venda de patacas fritidas, produtos cociñados e similares: os m². realmente ocupados.
9. Instalación de postos para a cocción e venda de polbo: 2 m². por posto.
10. Postos para a venda de xelados, algodóns doces e millo torrado ou similares: 1,5 m². por posto.
11. Postos para a venda de turróns e doces, froitos secos e froitas bañadas e edulcoradas, caramelos, bombóns e similares: os m². realmente ocupados.
12. Postos para a venda de cerámicas, cristalería, xoguetes, bixutería, velóns, velas, etc.: os m². realmente ocupados.
13. Postos para a venda de roupa, teas, zapaterías e similares: os m². realmente ocupados.
14. Postos para a venda de material de ferraxería, talabartería, bricolaxe, útiles de labranza, etc.: os m². realmente ocupados.
15. Postos sen instalacións para a venda de aves, ovos, queixos, carnes salgadas, embutidos e calquera outro produto do campo: 0,5 m² por cesta ou contedor ou superficie similar.

16. Postos ambulantes de fotógrafos, debuxantes e similares: 0,75 m². por posto.
17. Postos ambulantes para a venda ó brazo de fores, tabaco, caramelos, globos, baratixas, etc.: 0,5 m². por posto.
18. Taquillas ou postos de vendas de fichas, localidades, entradas ou similares para o acceso ós espectáculos, carruseis, etc.: 1 m². por unidade.
19. Ocupación con vehículos camionetas, etc. non incluídas anteriormente, 9 m². por vehículo lixeiro, 12 m². camionetas ou vehículos medios y 24 m²., vehículos grandes.
20. Ocupacións con casetas para o gando, 2 m². por animal grande (vacún, cabalar, etc.) e 0,20 m². por animal pequeno (cans, gatos, etc.) e 1 m². por animal medio (porcino, ovino, caprino, etc.).
21. Calquera outro tipo de ocupación non clasificada anteriormente. Medición real en m².

A contía correspondente a esta tarifa será a indicada na relación segundo a posición por zonas e considerando os metros cadrados indicados en cada apartado como ocupación establecida e cun tempo mínimo de un día ou fracción.

ZONA A.....	0,95 € / m ² / día
ZONA B.....	0,70 “ “ “
ZONA C.....	0,36 “ “ “
ZONAS N e R.....	0,12 “ “ “

TARIFA 2.- Mercados ou mercadoños de un día. Ocupación permanente

Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados, de duración de un día e de repetición corrente para os mesmos suxeitos pasivos. A tarifa aplicarase por semestre de acordo coas zonas e metros lineais ou fracción de fronte indicados en cada caso, cun máximo de tres metros de fondo.

1. Ocupación de terreos con postos de louza, cristalerías, quincallas, ferros, mobles, vestidos, teas, zapatos, animais, obxectos de coiro e materiais manuais, etc. Os metros lineais ou fracción de fronte realmente ocupados cun máximo de tres metros de fondo.
2. Postos de turróns, doces, alimentos, froitos secos, escabeches, froitos aderezados, froitas, legumes e similares. Os metros lineais ou fracción de fronte realmente ocupados cun máximo de tres metros de fondo.
3. Postos para a venda de libros, revistas, etc. Polos metros lineais ou fracción de fronte realmente ocupados cun máximo de tres metros de fondo.

4. Calquera ocupación non incluída nos apartados anteriores, polos metros lineais ou fracción de fronte realmente ocupados cun máximo de tres metros de fondo.

A contía obterase da táboa seguinte polo número de metros lineais de fronte, ou fracción, realmente ocupados, cun máximo de tres metros de fondo, e segundo zonas, sendo un día o período establecido neste caso.

ZONA A.....	1,19	€ / metro de fronte ou fracción / día
ZONA B.....	1,19	idem
ZONA C.....	0,56	idem
ZONAS N e R.....	0,06	idem

TARIFA 3.- Mercados ou mercadiños dun día. Ocupación ocasional

Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público, cos elementos indicados, de duración dun día e con carácter ocasional. A liquidación efectuarase de conformidade co indicado no artigo 8, parágrafo primeiro, da presente ordenanza, e de acordo co seguinte cadro de tarifas:

ZONA A.....	2,12	€ / metro de fronte ou fracción / día
ZONA B.....	1,43	idem
ZONA C.....	0,70	idem
ZONAS N e R.....	0,07	idem

TARIFA 4.- Rodaxes cinematográficas e circos

Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos propios desta actividade para os fins indicados a continuación por día.

Rodaxes cinematográficas e circos 71,60 € / día.

Segundo. Outras normas especiais de xestión

1. As cantidades esixibles con arreglo ás Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período anual ou de tempada autorizado.
2. Os emprazamentos, instalacións, postos, etc., poderán sacarse a licitación pública antes da celebración das feiras, e o tipo de licitación, será a contía da tarifa que corresponda.

Procederase, con antelación á subhasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que son obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan dedicarse a coches de choque, circos, teatros, exposicións de animais, restaurante, neveiras, bixuterías, etc.

Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie da que lle foi adxudicada en subhasta, satisfará por cada metro cadrado utilizado de máis o 100 por cento do importe da puxanza, ademais da contía fixada nas Tarifas.



3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán os datos subministrados polas persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización sinalada no artigo 11 desta Ordenanza. Se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizáranse os ingresos complementarios que procedan.
4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía públicas ata que sexa abonada a taxa e obtida a licenza correspondente.
5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza, sen prexuízo das contías que corresponda aboar ós interesados.